

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5338 *Real decreto lei 15/2012, do 20 de abril, de modificación do réxime de administración da Corporación RTVE, previsto na Lei 17/2006, do 5 de xuño.*

I

A Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, regula o servizo público de radio e televisión de titularidade do Estado, e establece, así mesmo, o réxime xurídico das entidades a que se encomenda a prestación dos ditos servizos públicos.

A citada lei creou a «Corporación de Radio e Televisión Española, S.A.», Corporación RTVE, á cal encomendou no seu artigo 3 a xestión do servizo público da radio e televisión de ámbito estatal.

O obxectivo da Lei 17/2006 é dotar a radio e a televisión de titularidade estatal dun réxime xurídico que garanta a súa independencia, neutralidade e obxectividade e que estableza estruturas organizativas que lles permita cumprir coa súa función de servizo público con eficacia, calidade e recoñecemento público.

A Lei 17/2006 atribúe a administración e o goberno da Corporación RTVE a un consello de administración integrado por doce membros que son designados polas Cortes Xerais, catro polo Senado e oito polo Congreso dos Deputados, entre persoas de recoñecida cualificación e experiencia profesional. A súa elección require unha maioría de dous terzos da cámara correspondente.

Así mesmo, o Congreso dos Deputados, de entre os conselleiros electos, designará o presidente da Corporación e do Consello de Administración, o cal desempeñará a súa dirección executiva ordinaria. A designación do presidente requirirá unha maioría de dous terzos no Congreso dos Deputados.

A lei establece que a duración do mandato dos membros do Consello de Administración será de seis anos, excepto na súa primeira formación -que será de tres-, con renovacións parciais por metades cada tres anos.

En relación co sector público, do cal a Corporación RTVE forma parte, o Goberno asumiu o compromiso de lograr a máxima austeridade e eficacia no seu funcionamento e actualmente encóntrase inmerso nun proceso de racionalización deste.

O actual Consello de Administración da Corporación RTVE foi nomeado en xaneiro de 2007. Tras a renuncia do primeiro presidente, foi designado un substituto en novembro de 2009, quen presentou a súa dimisión en xullo de 2011. Posteriormente, dous conselleiros renunciaron ao seu cargo.

Como consecuencia dos citados acontecementos, na actualidade o Consello de Administración da Corporación RTVE conta con tres vacantes, unha delas o posto de presidente e, ademais, expirou o mandato de cinco dos conselleiros.

Ante a vacante provocada pola renuncia do anterior presidente, o Consello de Administración estableceu unha presidencia interina rotatoria. Segundo manifestou a Avogacía Xeral do Estado en senllos informes sobre a Corporación RTVE, mentres se encontre vacante o cargo de presidente da Corporación, o presidente interino non desempeñará ningunha das facultades de dirección executiva ordinaria da sociedade, podendo exercer unicamente as funcións propias da presidencia do órgano colegiado. Isto impide o exercicio de funcións básicas da entidade, como a aprobación das súas contas, así como a substitución dos membros do equipo directivo de primeiro nivel da Corporación RTVE que renunciaron aos seus postos e que non poden ser substituídos debido á situación de interinidade existente no seo do Consello de Administración.

A experiencia acumulada desde que tivo lugar a primeira designación do Consello de Administración da Corporación RTVE demostrou que cómpre levar a cabo algunhas

modificacións en canto á súa composición e á designación dos seus membros co fin de garantir un funcionamento máis eficaz.

En primeiro lugar, o número actual de membros do Consello de Administración é demasiado elevado, polo que é imprescindible a súa redución para garantir un funcionamento eficaz e eficiente da Corporación. Por isto, mediante este real decreto lei redúcese o número de membros do Consello de Administración da Corporación RTVE de doce a nove. Deste modo elimínanse tres dos membros cuxa designación corresponde ao Congreso dos Deputados, sendo dous deles os elixidos por proposta dos sindicatos máis representativos a nivel estatal con implantación na Corporación.

Non obstante o anterior, para garantir a presenza dos sindicatos dentro dos órganos da Corporación RTVE modifícase a composición do Consello Asesor, incluíndo un conselleiro designado de común acordo por todos os sindicatos con implantación na Corporación.

En todo caso, a representación dos traballadores está completamente garantida a través da súa presenza nos comités de empresas das sociedades que forman parte da Corporación RTVE.

Por outro lado, a designación dos membros do Consello de Administración e do presidente da Corporación RTVE que regula a Lei 17/2006, baseada nun sistema de maiorías reforzadas nas Cortes Xerais, demostrou ser ineficaz posto que non permite renovar o Consello de Administración coa axilidade necesaria para evitar que se paralice o funcionamento da Corporación.

A reforma do sistema de designación que se regula neste real decreto lei permite que se non se logra a maioría de dous terzos para a elección dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVE na cámara correspondente, a votación se repita transcorridas vinte e catro horas. Neste caso, cada cámara elixirá, por maioría absoluta, os conselleiros que lle corresponda.

Para designar o presidente do Consello de Administración e da Corporación RTVE aplicarase un mecanismo similar, de modo que, se non se logra a maioría de dous terzos no Congreso dos Deputados, a designación se poida levar a cabo por maioría absoluta, transcorridas vinte e catro horas.

A modificación agora regulada garante que a renovación do Consello de Administración se poida levar a cabo nun curto período de tempo, evitando situacións como a que se vén producindo actualmente na Corporación RTVE.

Así mesmo, esta medida continúa o criterio establecido na Lei 17/2006, que xa considerou a posibilidade de recorrer á maioría absoluta se non se lograba a maioría de dous terzos en primeira designación do Consello de Administración. Precisamente, esta previsión incluíuse para evitar que mediante o bloqueo de maiorías parlamentarias non se poida constituír o Consello de Administración da Corporación RTVE.

Por outro lado, dentro da modificación da designación do Consello de Administración da Corporación RTVE, concrétese que, en caso de vacante anticipada dalgún dos membros do Consello, a persoa a quen se designe serao polo tempo que reste do mandato do seu antecesor, en termos similares ao previsto para outros órganos colexiados da Administración pública e os órganos de administración das sociedades mercantís.

Finalmente, tendo en conta os principios de austeridade e eficiencia que presiden actualmente a configuración do sector público, a excepción do presidente da Corporación RTVE, elimínanse as retribucións fixas que ata agora recibían os membros do Consello de Administración, que son substituídas por indemnizacións por asistencia ás sesións do Consello, de forma similar ao que sucede noutros entes públicos.

As modificacións que se levan a cabo mediante este real decreto lei garanten a independencia da radio e televisión pública que proclama a Lei 17/2006, ao manter a posibilidade de que exista un consenso político na elección dos membros do Consello de Administración e do presidente da Corporación RTVE.

II

Por outro lado, cómpre modificar a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, co obxecto de pór fin ao conflito suscitado en relación co acceso dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica aos estadios e recintos para poder retransmitir en directo acontecementos deportivos, para garantir, deste modo, o exercicio do dereito fundamental a comunicar información.

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, regula na sección 3.^a do capítulo II do título II a contratación en exclusiva da emisión por televisión de contidos audiovisuais, co obxecto de protexer o dereito fundamental á información e garantir a plena e adecuada protección dos intereses dos espectadores. Non obstante, a lei unicamente regula a emisión de contidos audiovisuais a través da televisión sen facer mención ningunha á radiodifusión sonora.

A retransmisión de acontecementos deportivos levada a cabo por prestadores do servizo de comunicación audiovisual radiofónica constitúe unha clara manifestación do dereito a comunicar e recibir información recoñecido no artigo 20.1.d) da Constitución española.

O Parlamento Europeo no seu recente Informe sobre a dimensión europea no deporte, de novembro de 2011, recoñece o dereito dos xornalistas a acceder aos acontecementos deportivos organizados de interese público e a informar sobre eles co fin de salvagardar o dereito do público a obter e recibir noticias e información independentes sobre este tipo de acontecementos.

Tendo en conta o anterior, é necesario que a lexislación audiovisual recoñeza expresamente o dereito dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica a comunicar información sobre acontecementos deportivos e, deste modo, protexer o dereito á información de todos os cidadáns como dereito prioritario, tal e como se sinala na exposición de motivos da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Para poder exercer este dereito cómpre establecer a liberdade de acceso aos espazos ou recintos en que se celebren os acontecementos deportivos por parte dos operadores radiofónicos.

Por este motivo, lévase a cabo unha modificación do artigo 19 da Lei xeral da comunicación audiovisual para garantir aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica o libre acceso aos estadios e recintos co obxecto de retransmitir en directo acontecementos deportivos sen que sexa exixible contraprestación ningunha.

Non obstante o anterior, dado que o exercicio deste dereito polos prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica implica facer uso de determinadas instalacións dos recintos en que se celebre o acontecemento, os operadores radiofónicos deberán aboar aos titulares dos dereitos os gastos que se xeren como consecuencia do mantemento das cabinas dos recintos e demais servizos necesarios para garantir o dereito a comunicar información.

As partes fixarán, de común acordo, a contía da contraprestación. En caso de desacordo sobre esa contía, corresponderá á autoridade audiovisual competente, actualmente a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, resolver o conflito mediante resolución vinculante, logo de solicitude dalgunha das partes e audiencia delas.

III

Nas medidas que se adoptan neste real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como premisa para recorrer á figura do real decreto lei.

A Constitución, no seu artigo 20, garante valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuír á formación da opinión pública e prevé a regulación por lei da organización e control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado.

A Lei 17/2006 configura o servizo público de radio e televisión estatal como un servizo esencial para a comunidade e cohesión das sociedades democráticas que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto de canles de radio e televisión con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público destinadas a satisfacer necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade española, difundir a súa identidade e diversidade culturais e promover o pluralismo, a participación e os demais valores constitucionais, garantindo o acceso dos grupos sociais e políticos significativos.

Neste mesmo sentido maniféstase a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

A xestión deste servizo foi encomendada á Corporación RTVE a quen, por tanto, corresponde o cumprimento da misión de servizo público da radio e a televisión estatal. Como sinala a Lei 17/2006, na súa exposición de motivos, a actividade dos medios de comunicación de titularidade pública débese rexer por un criterio de servizo público.

A situación en que se encontra a Corporación RTVE exige acometer sen demora non só as medidas que supoñan un aforro de custos para a entidade, como a redución do número de membros do Consello e o seu réxime retributivo, senón tamén aquelas que permitan a rápida formación do órgano encargado da xestión e de adoptar as medidas que demanda a súa situación financeira.

En efecto, a situación creada no seo do Consello de Administración da Corporación RTVE impide de acto o funcionamento a sociedade pondo en perigo o cumprimento das funcións de servizo público. Concretamente, a situación de vacante no posto de presidente da Corporación RTVE impide que o presidente interino poida exercer funcións que resultan esenciais para o funcionamento da Corporación como son, entre outras, a formulación das contas anuais do exercicio ou a elaboración do anteproxecto de orzamento da Corporación RTVE.

A actual situación de parálise no funcionamento da Corporación RTVE que ten lugar desde o mes de xullo de 2011 unida á necesidade inaprazable de adoptar determinadas decisións fundamentais para a Corporación, como son a aprobación das súas contas, determinan que se leve a cabo unha reforma da Lei 17/2006 mediante este real decreto lei co fin de que a xestión da Corporación RTVE se axuste aos criterios de eficacia e austeridade que deben imperar no sector público. En caso contrario, existe un grave risco de incumprimento da función de servizo público atribuída á Corporación RTVE.

Polo que se refire á modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, xustifícase na necesidade de garantir o exercicio do dereito fundamental a comunicar e recibir información que consagra o xa citado artigo 20 da Constitución.

Desde que se iniciou o conflito polo acceso aos estadios e recintos para a retransmisión en directo deportivos a través da radiodifusión sonora, non se logrou chegar a un acordo que lle poña fin, o que está impedindo exercer un dereito fundamental. Por este motivo, faise imprescindible recoñecer expresamente o dereito de acceso aos prestadores do servizo de comunicación audiovisual radiofónica establecendo un mecanismo para o seu exercicio co fin de que poidan comunicar libremente información.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal.*

Un. O número 1 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Consello de Administración da Corporación RTVE estará composto por nove membros, todos eles persoas físicas con suficiente cualificación e experiencia profesional, procurando a paridade entre homes e mulleres na súa composición.»

Dous. O número 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os membros do Consello de Administración serán elixidos polas Cortes Xerais, a razón de cinco polo Congreso dos Deputados e catro polo Senado, de entre persoas de recoñecida cualificación e experiencia profesional.»

Tres. Elimínase o número 2 do artigo 11.

Catro. O número 3 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os candidatos propostos deberán comparecer previamente en audiencia pública no Congreso e no Senado, na forma que regulamentariamente se determine, co fin de que ambas as cámaras se poidan informar da súa idoneidade para o cargo. A súa elección requirirá unha maioría de dous terzos da cámara correspondente.

Se, transcorridas vinte e catro horas desde a primeira votación en cada cámara, non se alcanzar a maioría de dous terzos, ambas as cámaras elixirán por maioría absoluta os membros do Consello de Administración da Corporación RTVE nos termos do número 1 deste artigo.»

Cinco. O número 4 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«4. O Congreso dos Deputados designará, de entre os nove conselleiros electos, o que desempeñará o cargo de presidente da Corporación RTVE e do Consello. Tal designación requirirá unha maioría de dous terzos da Cámara. Se, transcorridas vinte e catro horas desde a primeira votación, non se alcanzar a maioría de dous terzos, o Congreso dos Deputados designará por maioría absoluta o presidente da Corporación RTVE e do Consello.»

Seis. O número 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. Se durante o período dos seus respectivos mandatos se produce o cesamento dalgún dos membros do Consello de Administración, as persoas designadas para substituílos serano polo tempo que reste do mandato do seu antecesor. As vacantes que se produzan deberán ser cubertas polas cámaras por proposta dos grupos parlamentarios.»

Sete. O número 1 do artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os membros do Consello de Administración estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación mercantil para os administradores, sendo en todo caso incompatibles co mandato parlamentario.

O presidente da Corporación RTVE, ademais, terá dedicación exclusiva e estará suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado.»

Oito. O número 4 do artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«4. O presidente do Consello de Administración percibirá as retribucións fixadas de acordo co Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades. O resto dos membros do Consello de Administración percibirá exclusivamente as indemnizacións por asistencia ás súas sesións, de conformidade co disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.»

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 23, coa seguinte redacción:

«2. O Consello Asesor estará composto por un total de dezaseis membros, designados da seguinte forma:»

Dez. Engádesse unha letra m) ao número 2 do artigo 23, coa seguinte redacción:

«m) Un conselleiro designado de común acordo por todos os sindicatos con implantación na Corporación RTVE.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

A Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o título da sección 3.^a do capítulo II do título II da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, que queda redactado do seguinte modo:

«*Sección 3.^a A contratación en exclusiva da emisión de contidos audiovisuais*»

Dous. O actual número 4 do artigo 19 pasa a ser o 5, e o número 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. Os prestadores de servizos de comunicación audiovisual radiofónica disporán de libre acceso aos estadios e recintos para retransmitir en directo os acontecementos deportivos que teñan lugar neles, a cambio dunha compensación económica equivalente aos custos xerados polo exercicio de tal dereito.

A contía da compensación económica será fixada mediante acordo das partes. En caso de discrepancia sobre a dita contía, corresponderá á Comisión do Mercado das Telecomunicacións resolver o conflito mediante resolución vinculante, por solicitude dalgunha das partes e logo de audiencia destas.»

Disposición transitoria. *Adaptación da composición do número de membros do Consello de Administración da Corporación RTVE.*

Co fin de adaptar a composición do número de membros do Consello de Administración da Corporación RTVE ao disposto no artigo 1.º Un deste real decreto lei, os tres postos que actualmente se encontran vacantes quedarán extinguidos a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.27.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución correspondan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY